

Guía didáctica

Begoña Caamaño

Un camiño de sementes



XUNTA
DE GALICIA

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e Consellería de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

Secretaría Xeral da Lingua

CEIP Plurilingüe Ribadavia (Ourense)

Imprime: Renovada 2025 S.L.

Santiago de Compostela, 2026

Depósito legal: C 514-2026

Autoría

Verónica Araújo Meiriño

Alba Fernández Castillo

Rosa Ana Fernández Jácome

Sabela Pérez Rodríguez

Agradecementos

Ao alumnado do centro de diferentes niveis educativos e ás súas titoras, pola súa participación activa, polo interese amosado e pola colaboración ao longo de todo o proceso de elaboración desta guía didáctica.

Ao profesorado do claustro, polo seu apoio, pola disposición permanente para cooperar e por facilitar o desenvolvemento das distintas actividades propostas.

Grazas a Tania, por estar sempre disposta a realizar as revisións necesarias.

Grazas tamén a todas as persoas que colaboraron, dalgunha maneira, apoiándonos e contribuíndo a facer posible este traballo.

Imaxes

Todas as imaxes do documento, carteis e materiais son de uso libre ou teñen licenza de uso gratuíto.

Índice

Presentación.....	5
Biografía.....	7
Biografía con pictogramas.....	9
Actividades	11
Actividades para educación infantil.....	12
Actividades para 1.º e 2.º de educación primaria.....	17
Actividades para 3.º e 4.º de educación primaria.....	22
Actividades para 5.º e 6.º de educación primaria.....	27
Actividades extra.....	33
Bibliografía e webgrafía.....	34



PRESENTACIÓN

Esta guía didáctica nace como acompañamento dun proxecto colectivo arredor da figura de **Begoña Caamaño**, homenaxeada no **Día das Letras Galegas 2026**. A través da creación de **dez carteis**, a nosa comunidade educativa quixo achegarse á súa vida, ao seu pensamento e ao seu legado dun xeito profundo, significativo e transformador.

Os carteis foron creados de maneira colaborativa polo alumnado, que participou activamente en todas as fases do proceso: na elaboración dos debuxos, na escrita dos textos e na lectura dos audios asociados. O entusiasmo, a implicación e o traballo en equipo converteron este proxecto nun espazo de aprendizaxe compartida no que cada achega deixou pegada.

O fío condutor dos dez carteis é a **semente**, símbolo da pegada que Begoña Caamaño deixou e segue deixando na sociedade. Esta semente aparece tratada de maneiras diversas en cada cartel e conecta directamente cun dos ámbitos fundamentais da súa traxectoria: os medios xornalísticos entendidos como espazos desde os que sementar pensamento crítico, compromiso social, defensa da lingua galega e feminismo.

O percorrido comeza coa súa infancia e xuventude, cando o uso do galego marcou a súa identidade nun tempo no que, por desgraza, non era habitual en todos os ámbitos. A partir de aí, os carteis avanza cara a unha investigación biográfica realizada polo alumnado que afonda na súa vida, no seu traballo xornalístico e na súa obra literaria, poñendo en valor a palabra como ferramenta para contar o mundo, cuestionar a realidade e darlles voz ás mulleres.

Cada cartel inclúe un código QR que enlaza coa lectura do texto realizada polo alumnado, co obxectivo de facilitar a comprensión dos contidos e garantir a accesibilidade, especialmente para aquelas persoas que o precisen. Ademais, intégranse pictogramas e adaptacións tanto nos carteis como nas actividades da guía.

Todas as propostas de actividades e os materiais incluídos na guía didáctica están deseñados tendo en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA), co obxectivo de garantir a participación, a comprensión e a aprendizaxe significativa de todo o alumnado, atendendo á diversidade de ritmos, intereses e necesidades. As actividades para descargar están organizadas nos cartafolios por cartel para todos os niveis, para que cadaquén escolla aquela ficha que máis se axuste ás necesidades do seu alumnado.

Coa participación neste concurso, a nosa comunidade educativa pretende renderlle homenaxe a Begoña Caamaño, unha figura imprescindible polo seu compromiso co feminismo, coa lingua galega e coa comunicación crítica. Mais, sobre todo, pretende dar a coñecer a súa figura dun xeito duradeiro, facendo que a semente que ela deixou continúe a medrar no alumnado, que hoxe se converte na nova semente do seu legado.


Begoña Caamaño

Un camiño de sementes





BIOGRAFÍA




Begoña Caamaño naceu en Vigo o 14 de outubro de 1964, nun contexto histórico no que a lingua galega non gozaba aínda dunha presenza normalizada nos ámbitos educativos, culturais e mediáticos. Medrou nunha Galicia marcada polos últimos anos da ditadura e pola transición democrática, un tempo no que falar galego non era habitual na escola nin nos espazos públicos. Esta realidade sociolingüística influíu de maneira decisiva na súa conciencia crítica e no seu compromiso posterior coa lingua e coa cultura galegas.

Desde a infancia mostrou unha forte curiosidade intelectual. Gustáballe ler, escoitar historias e facer preguntas, actitudes que ela mesma consideraría máis tarde como o xerme do pensamento crítico e da transformación social. A palabra, oral e escrita, foi desde moi cedo un espazo de encontro, aprendizaxe e reflexión.

Na súa etapa formativa orientouse cara ao ámbito da comunicación e do xornalismo. Comezou a súa traxectoria profesional vinculada aos medios de comunicación, especialmente á radio, un espazo que lle permitiu unir palabra, reflexión e compromiso social. Traballou durante anos na Radio Galega, onde desenvolveu un intenso labor como xornalista, guionista e comunicadora. A radio converteuse para ela nun instrumento fundamental para facer visible o galego, normalizar o seu uso e achegalo á cidadanía como lingua válida para informar, debater e pensar a realidade contemporánea.

Paralelamente ao seu traballo xornalístico, Begoña Caamaño foi construíndo unha sólida traxectoria como escritora. A súa obra literaria destaca pola reinterpretación dos mitos clásicos desde unha perspectiva contemporánea, feminista e galega. A través da narrativa, deulles voz a personaxes femininas tradicionalmente silenciadas ou relegadas a papeis secundarios, e ofreceu unha nova lectura dos relatos fundacionais da cultura occidental.

Dúas son as súas obras literarias: *Circe ou o pracer do azul* (2009) e *Morgana en Esmelle* (2012). Nestes textos revisita figuras míticas como Circe ou Morgana para reflexionar sobre a identidade, o poder, a liberdade e o papel das mulleres na historia e na literatura. A súa escrita caracterízase por unha linguaxe coidada, poética e profundamente enraizada na tradición literaria galega, ao tempo que dialoga con referentes universais.



Ao longo da súa vida, Begoña Caamaño mantivo un firme compromiso coa dignificación e normalización da lingua galega. Defendeu o seu uso nos medios de comunicación, na creación literaria e na vida cotiá, xa que o concibía como un dereito colectivo e unha ferramenta esencial para a construción dunha sociedade máis xusta e plural. Participou activamente en iniciativas culturais e sociais orientadas á defensa da lingua e da igualdade.

Begoña Caamaño faleceu en outubro de 2014, e deixou un legado literario, xornalístico e humano de gran valor. A súa obra está de plena actualidade, especialmente polo seu achegamento innovador aos mitos, pola súa mirada feminista e polo seu compromiso coa lingua.





































Este ano dedícaselle o Día das Letras Galegas, un recoñecemento que pon en valor a súa contribución á literatura, ao xornalismo e á cultura galega, e que permite achegar a súa figura ás novas xeracións como exemplo de curiosidade, pensamento crítico e amor pola lingua propia.



«Viaxar para ler o mundo. Viaxar para lermes»

Begoña Caamaño, 1964 - 2014

BIOGRAFÍA ADAPTADA CON PICTOGRAMAS

 BEGOÑA CAAMAÑO	 NACEU	 EN	 VIGO		 DESDE
 CATIVA	 GUSTOLLE	 LER		 PREGUNTAR	
 ESTUDOU	 XORNALISMO		 TRABALLOU	 NA	 RADIO
 ONDE	 LOITOU	 POLO	 USO	 DO	 GALEGO
 TAMÉN	 FOI	 ESCRITORA		 ESCRIBIU	 SOBRE
 MITOS CLÁSICOS	 CON	 PERSONAXES	 FEMININAS	 FORTES	
 LOITADORAS					







ACTIVIDADES

Na presentación desta guía fíxose un breve bosquejo da concepción da proposta respecto da dinámica e execución das tarefas, xa que estas se erixen ao abeiro do modelo DUA. As actividades na súa totalidade están deseñadas para atender á diversidade do alumnado, polo que responden a un enfoque multinivel no que se presenta unha mesma tarefa ou contido con diferentes niveis de dificultade, complexidade ou apoio, adaptándose ás capacidades, ritmos de aprendizaxe e intereses de cada nena e neno.

O obxectivo é que todo o alumnado traballe sobre os mesmos contidos, pero con retos axeitados ao seu nivel, favorecendo a inclusión, a motivación e a participación activa. Deste xeito, garántese unha aprendizaxe máis personalizada e equitativa, e permítese que cada mestra ou mestre seleccione as tarefas (sexan ou non do ciclo ou etapa á que pertencen) que se adecúen en maior medida á capacidade do seu estudante e que este avance segundo as súas necesidades sen quedar excluído do proceso común de ensino-aprendizaxe.

Nos anexos poderedes atopar dúas actividades extras: unha actividade musical e outra de debuxos, ambas as dúas explicadas ao final desta guía.

Como último apuntamento, queremos aclarar que, cando se fai alusión ao audio nas diferentes actividades, estamos a referirnos ao audio hipervinculado aos códigos QR de cada un dos carteis.

Para concluírmos, cómpre sinalar que a relación de actividades á que nos referimos pode atoparse no Portal da lingua galega (<https://www.lingua.gal/portada>), na web do noso centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipribadavia/>) e na seguinte ligazón ao Drive:

https://drive.google.com/drive/folders/1_oYknwqSRK9qI9SrYx0VdNduploFgp8K

ACTIVIDADES CARTEL 1: Unha nena con moitas preguntas

O obxectivo principal desta actividade é o de despertar a curiosidade do alumnado, fomentar a investigación e achegarse á infancia de Begoña Caamaño.

Este cartel propón unha primeira toma de contacto coa autora a través da curiosidade como motor da aprendizaxe. A actividade comeza cun diálogo guiado no que o alumnado observa o cartel, escoita o audio do código QR e reflexiona sobre a importancia de facer preguntas. A curiosidade do alumnado relaciónase coa infancia da escritora e axuda a comprender que todas as persoas curiosas aprenden e descubren o mundo.

A través dunha ficha manipulativa (A.1.1), o alumnado resolve un quebracabezas para descubrir a imaxe da autora, realiza un pequeno xogo de números (A.1.2) vinculado á súa data de nacemento e localiza a cidade de Vigo no mapa de Galicia (A.1.3 e A.1.3.1). As actividades adáptanse á idade e ás necesidades, e danlles prioridade ao xogo, a observación e a manipulación (véxase o anexo).

Rematamos cunha proposta de reflexión oral que reforce a idea de que aprender é preguntar e descubrir.



ACTIVIDADES CARTEL 2: Medrar nun tempo difícil para o galego

O obxectivo deste grupo de actividades é que o alumnado máis pequeno reflexione sobre o importante que é o emprego do galego no día a día, ao mesmo tempo que se traballan habilidades básicas como a motricidade fina, a atención e o recoñecemento de palabras.

O desenvolvemento das actividades A.2.1 e A.2.1.1 céntrase en tarefas sinxelas e visuais nas que o alumnado debe colorear unha planta que simboliza o crecemento da lingua galega. Ademais, repasan e identifican palabras relacionadas co seu contorno máis próximo, como «pai», «nai», «fogar», «escola» ou «galego». A través destas propostas introdúcese a idea de que falar galego axuda a que a lingua continúe viva e medre, utilizando unha metáfora visual fácil de comprender para o alumnado destas idades.



ACTIVIDADES CARTEL 3: A palabra como ferramenta

O obxectivo desta actividade é comprender que as palabras teñen significado e moitas delas provocan emocións.

A través deste cartel, o alumnado descobre que a palabra é unha ferramenta poderosa que serve para falar, escribir, contar, e tamén para explicar, denunciar, emocionar e soñar, como facía Begoña Caamaño.

A actividade comeza cun conto breve ilustrado (**A.3.1, A.3.1.1, A.3.1.2, A.3.1.3 e A.3.1.4**) e o posterior debate sobre o valor da palabra. A continuación propónselle ao alumnado que escolla unha palabra e que a exprese mediante diferentes linguaxes: debuxo, modelaxe de plastilina, baile ou expresión oral. Como exemplo de execución da representación da palabra engádese a ficha **A.3.2**. As palabras elixidas poderán colocarse nun mural colectivo, reforzando así a aprendizaxe compartida.



ACTIVIDADES CARTEL 4: Begoña xornalista

O obxectivo desta actividade é desenvolver a expresión oral e a escoita activa e o uso do galego como lingua de comunicación.

Este cartel achega as nenas e nenos á faceta xornalística de Begoña Caamaño. A través da súa observación e da escoita do audio, explícase de maneira sinxela o traballo da autora na prensa e na radio.

Na proposta de actividades (**A.4.1**), o alumnado recreará un pequeno estudio de radio na aula con micrófonos de xoguete, auriculares, mesa, cartel... Cada alumno contará unha noticia: algo que pasou na aula, o tempo que vai, un conto que lle guste... Suxírese que se introduza esta actividade no momento da asemblea como rutina de aula e que se empreguen os propios materiais manipulativos e visuais que acostuman ter as aulas.



ACTIVIDADES CARTEL 5: O galego tamén soa na radio

Este cartel lembra o traballo de Begoña Caamaño como xornalista en medios de comunicación como a Radio Galega. A través das ondas, procuraba que o galego chegase a todas as persoas e defendía que era a maneira de manter viva a nosa cultura.

O obxectivo desta actividade é fomentar o uso e a valoración da lingua galega por medio da expresión oral, da escoita e do xogo simbólico.



Comezamos coa observación colectiva do cartel e coa escoita do audio do código QR. Posteriormente, o alumnado describe e nomea o que ve e coa axuda do profesorado conversa sobre que é unha radio e que clase de información se pode escoitar nela. A seguir, propoñemos que realicen a manualidade do micrófono recollida na ficha **A.5.1** e, para rematarmos, a mestra ou mestre alenta a que cada nena ou neno diga unha palabra, frase ou conto en galego, segundo o nivel que desexen.

ACTIVIDADES CARTEL 6: Contar o mundo desde as mulleres

O obxectivo destas actividades é proporcionarlles ás nenas e nenos os conceptos básicos relacionados cos contos e mitos e a relevancia das mulleres na sociedade, ao tempo que se fomenta a motricidade fina, a identificación de palabras e a creatividade.

O desenvolvemento das actividades baséase en tarefas sinxelas e manipulativas nas que deben repasar e colorear diferentes palabras e elementos da ficha «As mulleres fan medrar o mundo». As fichas **A.6.1** e **A.6.2** inclúen ilustracións e palabras como «muller», «nena», «mitos», «amizade» ou «lendas», que os nenos e nenas deben repasar e colorear. Estas tarefas permiten traballar a atención, a coordinación e o recoñecemento visual das palabras ao tempo que se introduce o importante papel que as mulleres teñen como parte das historias e do mundo que nos rodea.



ACTIVIDADES CARTEL 7: Historias que viaxan no tempo

Previamente á introdución das actividades, escóitase o código QR e obsérvase o cartel. As actividades deseñadas eríxense sobre dúas propostas transversais que reforzan os contidos que se van traballar.

Circe e Penélope constrúen un poderoso vínculo de amizade a través das súas cartas; polo tanto, imitarase esta tarefa coa creación de cartas propias, comezando polo deseño do sobre (**A.7.4**) e afondando logo en contidos relacionados, como os elementos dunha carta ou o proceso de envío, ata a elaboración dunha postal (**A.7.4.1**). Ambas as propostas e materiais son suxestións, polo que a mestra ou mestre poden realizar todas aquelas modificacións e melloras que considere oportunas.

Como actividades secundarias e complementarias ás anteriores, ofrécense outras de rápida execución que se poden desenvolver durante a asemblea. Estas son as das fichas **A.7.1** e **A.7.1.1**, nas que nenas e nenos terán que superar uns labirintos (diferentes propostas en función da dificultade) para que a autora poida recibir a súa carta. Na ficha **A.7.2** comprobárase a comprensión dos contidos por parte do alumnado e na **A.7.3** propónse a creación dun acrónimo, ben sexa en grupo ou de xeito individual.

Como última suxestión, estas actividades poderían plastificarse e pasar a formar parte dunha estación de aprendizaxe ou deseñar un dos recantos da aula.



ACTIVIDADES CARTEL 8: Escribir para cambiar




Este cartel comunica a idea de que escribir e ler son ferramentas de cambio. Conecta coa figura de Begoña Caamaño, que empregou a escritura e o xornalismo para facernos reflexionar sobre temas sociais, culturais e de igualdade.

O obxectivo desta actividade é espertar o interese polos libros e polas historias, así como favorecer a expresión oral e gráfica.

A partir da observación do cartel e da escoita do audio, o profesorado pode comezar cunha conversa na asemblea e facer de guía mediante estas preguntas: quen aparece lendo?, que fan os nenos e nenas?, para que serve ler?

Despois desta pequena reflexión, as nenas e os nenos participan nun mural común e constrúen entre todos a árbore das historias (no **A.8.1** ofrécese un exemplo de como podería verse este mural). O alumnado recibe unha folla (**A.8.2**) e nela ten que debuxar algo relacionado cun conto que coñeza. A mestra ou mestre deben guialos mediante as seguintes preguntas: que libros coñecedes?, que personaxes aparecen?, que acontece na historia?, que vos ensinou o libro? A partir de aí deben escoller o que máis lles gustou dun conto e plasmalo nun debuxo na folla; deste modo, trátase a idea simbólica do cartel: as palabras medran como sementes e elas e eles son conscientes de que transmiten mensaxes. Se a nena ou neno non é quen de debuxar, pódese axudar ou imprimir a imaxe que represente o que elixiu para que só coloree.



ACTIVIDADES CARTEL 9: Un legado que continúa

O obxectivo deste grupo de actividades é introducir o alumnado máis pequeno na idea de que as historias e os libros forman parte da nosa cultura e permanecen con nós ao

longo do tempo, ao mesmo tempo que se traballan habilidades básicas como a motricidade fina, a atención e o recoñecemento de palabras.

As actividades **A.9.1** e **A.9.1.1** (no anexo) recollen tarefas sinxelas nas que o alumnado ten que colorear elementos relacionados coa ficha «As historias quedan con nós». A través das ilustracións e das palabras presentes nas fichas, familiarízanse con termos como «libro», «historia», «lingua», «muller» ou «galego». Ademais, neste bloque incluímos unha actividade a maiores, unha ficha para que os nenos e nenas debuxen a alguén que lles lea (**A.9.1.2**).



ACTIVIDADES CARTEL 10: Nós somos as novas sementes

Este cartel pecha o proxecto cunha actividade simbólica e manipulativa na que o alumnado de educación infantil participa na creación do xardín de palabras do centro (**A.10.1**) co propósito de iniciar os máis cativos na valoración da lingua galega como algo propio, que se coida e se fai medrar entre todas e todos.

A actividade comeza coa escoita do audio e coa observación do cartel, para reflexionar de forma guiada sobre a idea das sementes e sobre como as palabras tamén poden medrar se as coidamos.

A mestra ou mestre explícalle ao grupo cal é a tarefa final de centro e como a súa achega é fundamental. O alumnado participa elaborando testos (**A.10.1**), que servirán para cultivar simbolicamente as sementes da lingua. O obradoiro céntrase na decoración dos testos, ben a través do deseño plástico ou da súa creación con materiais reciclados, para fomentar a creatividade, a expresión artística e o traballo manipulativo.

En pequeno grupo reflexiónase sobre o que significa coidar algo entre todas e todos, reforzando a idea de que a lingua galega tamén precisa ser coidada para seguir viva.



ACTIVIDADES PARA 1.º E 2.º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ACTIVIDADES CARTEL 1: Unha nena con moitas preguntas

Este cartel propón unha primeira toma de contacto coa autora a través da curiosidade como motor da aprendizaxe e ten como principal obxectivo espertar no alumnado o desexo de saber, fomentar a investigación e achegarse á infancia de Begoña Caamaño.

A actividade comeza cun diálogo guiado no que o alumnado observa o cartel, escoita o audio e reflexiona sobre a importancia de facer preguntas. A curiosidade do alumnado relaciónase coa infancia de Begoña e axuda a comprender que todas as persoas curiosas aprenden e descubren o mundo.

O enigma preséntase baixo a aparencia de criptogramas (**A.1.4.a**, **A.1.4.b**, **A.1.4.c** e **A.1.4.d**), nos que as respostas estarán cifradas e as alumnas e alumnos deberán prestar atención para descubrir as mensaxes agochadas seguindo o código que se lles facilita. Esta actividade pode facerse de xeito individual ou por parellas. Unha vez resoltos os criptogramas, compartiranse as solucións coa totalidade da aula.



ACTIVIDADES CARTEL 2: Medrar nun tempo difícil para o galego

O obxectivo destas actividades é que as nenas e nenos tomen conciencia de que o uso das palabras e da lingua galega no día a día contribúe a que esta continúe viva e medrando.

No desenvolvemento da ficha **A.2.2**, terán que escribir palabras en galego que utilizan habitualmente, e colocalas en diferentes elementos do debuxo, como as pingas de auga ou o sol que alimentan a planta. Posteriormente, completan a frase «Eu axudo a medrar a lingua galega cando falo en...», reflexionan sobre o uso da lingua nas súas actividades cotiás e identifican accións e persoas que axudan a coidar e defender o galego, o que favorece a reflexión sobre a importancia de empregar e respectar a lingua.



ACTIVIDADES CARTEL 3: A palabra como ferramenta

O obxectivo desta actividade é descubrir que o galego serve para explicar o mundo e expresar sentimentos.

Despois da lectura guiada do texto do cartel con apoio auditivo, o alumnado visionará un vídeo curto sobre a lingua galega, adaptado á idade (proposta: «Galicia no mundo - A lingua galega», https://youtu.be/LUFPjqs_O0w).

A proposta final será unha produción cuxo formato se deixa á escolla propia de cada alumno (frase ilustrada, minicómic, audio sobre a súa palabra favorita, pequena escena teatralizada...) a partir dunha palabra que describa un sentimento e que se reparte ao azar (nos anexos recóllense as tarxetas de vocabulario referidas, **A.3.3** e **A.3.3.1**).



ACTIVIDADES CARTEL 4: Begoña xornalista

O obxectivo desta actividade é aprender a contar noticias de xeito honesto e en galego.

Nesta proposta o alumnado realizará unha exploración guiada do cartel: Que vemos? Que palabras aparecen? Que significa ser xornalista? Que supón unha comunicación honesta? E logo debaterase sobre a importancia de contar as cousas tal e como son.

BEGOÑA CAAMAÑO 4.2
Begoña xornalista

TITULARES PARA O DEBATE: VERDADE OU MENTIRA?

Titular	É verdade?	Por que é "trampa"?
"O Concello regaláralle unha tableta a cada neno por falar galego".	MENTIRA	É un desexo. As "fake news" adoitan prometer agasallos para que os creamos.
"Un can entrou no patio e xogou ao fútbol cos de 2º B".	PODE SER	É posible, pero... pasou de verdade? Hai que lle preguntar a quen estivese ali.
"Mamá non haberá clase porque o sol vai quedar durmido".	MENTIRA	O sol non dorme. É unha fantasía que busca chamar a atención.
"A profe di que a partir de hoxe a merenda ten que ser sempre de chocolate".	MENTIRA	Soa mal ben, pero sabemos que a profe sempre nos fala de comer froita e san.
"Begoña Caamaño usaba o galego para que todos entendesen a verdade".	VERDADE	Esta é a nosa noticia real e honesta.

Poden traballar o concepto de «fake news» (noticias falsas) adaptándoo ao nivel de 1.º e 2.º de primaria baixo o lema da honestidade que defendía Begoña Caamaño.

«Begoña Caamaño sabía que as palabras teñen moito poder. Se contamos cousas que non son verdade ("fake news"), a xente confúndese e pode ter medo ou enfadarse. Ser xornalista en galego, como era ela, significa coidar a nosa lingua e dicir sempre a verdade».

Propónse o xogo Titulares para o debate..., recollido na ficha **A.4.2**: o alumnado en grupo creará dous titulares de noticias honestos e outros dous falsos; o xogo consistirá en detectar as mentiras. Na ficha do anexo inclúese unha posible lista de titulares.

ACTIVIDADES CARTEL 5: O galego tamén soa na radio

Este cartel lembra o traballo de Begoña Caamaño como xornalista en medios de comunicación como a Radio Galega, a través dos cales buscaba que o galego chegase a todas as persoas e defendía que era a maneira de manter viva a nosa cultura.

O obxectivo desta actividade é fomentar o uso e a valoración da lingua galega a través da expresión oral e a escoita e identificar os elementos relacionados coa radio.



Comeza coa observación do cartel por grupos, a súa lectura compartida ou a escoita do audio do código QR. Posteriormente, a través das fichas propostas (**A.5.2** e **A.5.3**) recoñecen e nomean os elementos da radio e, para rematar, cobren unha ficha (**A.5.4**), de maneira individual, por parellas ou en pequeno grupo, na que reflexionarán sobre as noticias que se poderían contar na radio e a importancia de facelo en galego. Para rematar, expóñeno en común na aula.

ACTIVIDADES CARTEL 6: Contar o mundo desde as mulleres

O obxectivo destas actividades é introducir o alumnado no mundo dos mitos e das historias, fomentar a comprensión das narracións e a capacidade de expresar as súas ideas e opinións.

No desenvolvemento da ficha **A.6.3**, o alumnado escribe cinco palabras relacionadas cos mitos e colorea os elementos que aparecen nela. Ademais, preséntaselle o mito da *Odisea* (pode ser co relato *A Odisea contada aos nenos*, de Rosa Navarro) e responde a preguntas sinxelas sobre o seu contido, como quen era Circe dentro do mito ou que foi o que máis lles gustou da historia. Desta maneira trabállase a comprensión da narración, a reflexión persoal e a expresión escrita a partir da lectura do relato.



Estas actividades permiten introducir a lectura dos mitos e dos seus personaxes na aula e desenvolver ao mesmo tempo habilidades de comprensión e expresión.

ACTIVIDADES CARTEL 7: Historias que viaxan no tempo

O obxectivo desta actividade é fomentar a expresión de sentimentos positivos e a comunicación entre o alumnado a través dunha proposta creativa relacionada coa escritura de pequenas mensaxes.



A actividade correspondente a este nivel consiste en decorar na ficha **A.7.5** o debuxo e, nas tiras inferiores, escribir palabras fermosas, mensaxes de agarimo ou amizade. A continuación, han de introducila nun sobre –que incluso podería ser o que elaboraron na actividade **A.7.4**– e regalarlle á persoa que desexen. É posible vincular esta proposta coas actividades dos cursos superiores mediante a creación dunha caixa común para toda a comunidade escolar na que depositar estas mensaxes.

ACTIVIDADES CARTEL 8: Escribir para cambiar

Este cartel comunica a idea de que escribir e ler son ferramentas de cambio. Conecta coa figura de Begoña Caamaño, que empregou a escritura e o xornalismo para facernos reflexionar sobre temas sociais, culturais e de xénero.


O obxectivo desta actividade é que o alumnado comece a comprender que as historias e as palabras serven para expresar ideas e para mellorar a realidade. Ademais, trabállase o interese pola lectura, a comprensión lectora e o razoamento verbal.

A partir do cartel, o alumnado, organizado en pequeno grupo, escoita o código QR ou le o texto e observa a imaxe para comentar que elementos aparecen nela e que significado poden ter. A seguir, poñen en común as súas ideas de xeito oral ou cubrindo a ficha proposta (**A.8.3**). Despois desta reflexión inicial, as nenas e nenos escoitan ou len contos adaptados á súa idade e comentan a mensaxe que transmiten. O profesorado guiará a conversa para que o alumnado identifique como os personaxes do conto poden mellorar unha situación ou axudar aos demais. Ofrécese unha lista de contos para utilizar (**A.8.4**).



Finalmente, o alumnado expresará as súas ideas mediante debuxos, pequenas frases ou comentarios orais sobre que cousas lle gustaría cambiar ou mellorar na súa contorna.

ACTIVIDADES CARTEL 9: Un legado que continúa



O obxectivo destas actividades é que as nenas e nenos comencen a comprender que as historias continúan vivas grazas á lectura e que os libros nos axudan a aprender e a lembrar.

No desenvolvemento da ficha **A.9.2**, as nenas e os nenos escriben cinco palabras relacionadas co cartel e len a declaración «Ler axúdanos a aprender e a lembrar». Despois, completan este enunciado, «As historias seguen vivas cando... », que os fará

reflexionar sobre o papel da lectura para manter vivas as historias. Ademais, realizan unha actividade de coloreado na que identifican diferentes elementos relacionados coa lectura, como nenos lendo ou símbolos que representan a transmisión das historias.

Ademais, este bloque conta cunha actividade a maiores, unha ficha para que os nenos e nenas debuxen a alguén que lles lea (A.9.1.2).

ACTIVIDADES CARTEL 10: Nós somos as novas sementes

O alumnado do primeiro ciclo participa activamente na creación do xardín de palabras achegando flores de papel (véxase A.10.2) que conterán termos da lingua galega. A actividade iníciase coa escoita do audio e a análise do cartel, dialogan sobre o significado do título **Nós somos as novas sementes** e sobre a importancia de usar e valorar o galego.

Posteriormente, realízanse pequenos obradoiros de papiroflexia ou origami, nos que o alumnado crea flores de papel de cores (véxase o anexo deste bloque). Unha vez rematadas, estas flores percorren as distintas aulas do centro para que nenas e nenos escriban nelas unha palabra en galego que consideren fermosa, importante ou significativa.

Con esta actividade o alumnado comprende que moitas palabras xuntas fan medrar a lingua, do mesmo xeito que moitas flores crean un xardín cheo de vida.



ACTIVIDADES PARA 3.º E 4.º DE EDUCACIÓN PRIMARIA


ACTIVIDADES CARTEL 1: Unha nena con moitas preguntas

Nesta actividade ofrecemos presentar unha caixa que conteña un «recuperador explosivo» (véxase o anexo coa explicación da actividade 1). Por grupos, repartirase un pequeno texto (A.1.5) que deben ler con atención para reter a máxima información posible, xa que, unha vez rematado o tempo da lectura (e xa sen o papel coa información diante), terán que cubrir todos os datos que lembren a través dunha dinámica de folio xiratorio.



Concluído o tempo de escritura, compartiranse as producións de cada equipo e escollerase o gañador, aquel equipo que recuperara máis información.

ACTIVIDADES CARTEL 2: Medrar nun tempo difícil para o galego



O obxectivo desta actividade é que o alumnado coñeza mellor a situación da lingua galega ao longo do tempo e reflexione sobre a importancia de defendela e utilízala na actualidade.

No desenvolvemento da ficha A.2.3, o alumnado le un pequeno texto no que se explica que durante moito tempo o galego non se utilizaba na escola nin nos medios de comunicación, aínda que moitas persoas continuaron a falalo e defendelo. A partir desta información, investigan quen empregaba o galego cando os seus avós e bisavós eran pequenos e en que situacións se utilizaba. Ademais, reflexionan sobre a importancia de conservar a lingua no pasado, no presente e no futuro e completan o enunciado «Eu podo axudar a que a lingua galega medre cando... ».

ACTIVIDADES CARTEL 3: A palabra como ferramenta

O obxectivo desta actividade é reflexionar sobre o poder transformador da palabra, como facía Begoña Caamaño.

Despois da visualización guiada do cartel co apoio auditivo, realizarase a lectura en voz alta de pequenos fragmentos de textos de Begoña adaptados (suxírese a obra *Begoña Caamaño. Pequena biografía*, de Lela Edicións) para logo completar a ficha A.3.4. Esta vai facilitar a creación dun mapa visual a través do cal afondar nos

diferentes conceptos de «denunciar» e «soñar». Concluída a tarefa anterior, en pequenos grupos o alumnado escolle como crear dúas mensaxes que ha de representar (en formato cartel, poema curto, audio manifesto, cómic, colaxe visual ou presentación oral breve): unha na que denuncie algo que non lle gusta e outra que recolla un desexo.



ACTIVIDADES CARTEL 4: Begoña xornalista


O obxectivo desta actividade é coñecer o papel da radio na comunicación, producir un pequeno pódcast en galego e reflexionar sobre a importancia da información rigorosa e respectuosa.

Propónse o visionado/escoita de exemplos de pódcasts infantís en galego para analizar cales son os seus elementos: presentación, contido e despedida.

En grupos, crean un guiión sinxelo de forma colaborativa sobre un tema escollido: a nosa escola, un libro que nos gustou, unha entrevista a unha profesora, unha noticia inventada pero verosímil... Deben incluír unha mensaxe final sobre o importante que é informar con respecto e honestidade, como facía Begoña Caamaño.

O produto final da actividade sería a gravación do pódcast: empregando unha tableta, ordenador ou gravadora, as rapazas e rapaces poden participar falando, facendo sons, lendo ou axudando na edición.

ACTIVIDADES CARTEL 5: O galego tamén soa na radio



Este cartel lembra o traballo de Begoña Caamaño como xornalista en medios de comunicación como a Radio Galega, a través dos cales buscaba que o galego chegase a todas as persoas e defendía que era unha maneira de manter viva a nosa cultura.

O obxectivo desta actividade é achegar o alumnado á figura de Begoña e ao papel da radio como medio de comunicación, e desenvolver as habilidades de comprensión, investigación, expresión oral e traballo cooperativo.

A proposta culmina coa elaboración dun pequeno programa de radio cultural, no que o alumnado comparte información sobre a autora e reflexiona sobre a necesaria presenza da lingua galega nos medios de comunicación. Para chegar a este produto final, desenvólvense diferentes tarefas encadeadas que lle permiten ás nenas e nenos comprender, investigar, organizar información e expresala de maneira oral.

A actividade comeza cunha observación guiada do cartel, onde o alumnado, en pequeno grupo, analiza os diferentes elementos visuais e textuais e cobre a ficha proposta (A.5.5). A seguinte fase consiste en realizar unha pequena investigación, adaptada ao nivel do alumnado, sobre a radio e Begoña Caamaño. O profesorado debe facilitar vídeos, libros, artigos e textos ou promover o uso de Internet para a busca de información coa finalidade de cubrir a ficha de investigación proposta (A.5.6).

ACTIVIDADES CARTEL 6: Contar o mundo desde as mulleres

O obxectivo desta actividade é reflexionar sobre como foron contadas as historias ao longo do tempo e tomar conciencia da importancia de incluír a perspectiva das mulleres nas narracións.

No desenvolvemento da ficha proposta (A.6.4), o alumnado le un pequeno texto no que se explica que durante moito tempo as historias foron contadas principalmente desde o punto de vista dos homes. En primeiro lugar, os alumnos e alumnas buscan un mito protagonizado por unha muller, traballan en grupo para coñecelo mellor e compárteno co resto da clase. Ademais, investigan como era a vida das mulleres cando as súas avoas ou bisavoas eran pequenas, co que se fomenta a investigación e a reflexión histórica.



Posteriormente, preséntaselles o mito da *Odisea* (pode ser co relato *A Odisea contada aos nenos*, de Rosa Navarro) e responden a preguntas sinxelas sobre o seu contido, como quen era Circe dentro do mito. A partir disto explicamos o traballo da escritora Begoña Caamaño, que reinterpretou mitos clásicos desde unha visión feminina.

ACTIVIDADES CARTEL 7: Historias que viaxan no tempo

O obxectivo destas propostas é traballar a comunicación escrita, a convivencia e a participación na comunidade educativa mediante actividades creativas e colaborativas.

Neste bloque propóñense dúas actividades. A primeira consiste nun obradoiro de papel reciclado, para o cal o profesorado pode apoiarse nalgún vídeo explicativo de Internet. Esta actividade permitiralle ao alumnado coñecer o proceso de reciclaxe do papel e elaborar o seu propio material para escribir.



A segunda actividade céntrase na creación dunha caixa de correo para toda a comunidade educativa **(A.7.6)**. Cando esta caixa estea elaborada, cada alumno ou alumna debe redactar unha carta dirixida a un amigo ou amiga **(A.7.7)**, que pode ser da súa mesma clase ou doutros niveis do centro. Unha vez escritas, as cartas depositaranse na caixa e, nun día previamente acordado, os carteiros (alumnos e alumnas seleccionados) repartiranas entre os seus destinatarios.

ACTIVIDADES CARTEL 8: Escribir para cambiar



O cartel presenta o título "BEGOÑA CAAMAÑO" e o subtítulo "Escribir para cambiar" no canto superior esquerdo, co código "8.5" no canto superior dereito. Debaxo do título, hai unha sección titulada "Cuestións previas" con catro preguntas: "¿Quen é o/a protagonista?", "¿Que desexas cambiar?", "¿Como o farías?", e "¿Cres que se pode facer realidade?". Abaixo destas preguntas, hai un espazo titulado "Crea a túa historia" con un fondo de cuadrícula para escribir. Na parte inferior dereita do cartel, hai un pequeno ilustración de unha man escribindo nunha papeleta.

Este cartel comunica a idea de que escribir e ler son ferramentas de cambio. Conecta coa figura de Begoña Caamaño, que empregou a escrita e o xornalismo para facernos reflexionar sobre temas sociais, culturais e de xénero.

O obxectivo desta actividade é que as nenas e nenos comprendan que a lectura e a escritura poden ser ferramentas para expresar opinións, reflexionar sobre situacións da vida cotiá e propoñer cambios ou melloras na súa contorna. Ademais, desenvólvese a comprensión lectora, a capacidade de interpretación das mensaxes dun texto ou dunha imaxe e a expresión escrita a través

da creación de pequenas historias ou textos.

A actividade comeza coa observación do cartel ou a escoita do código QR en pequeno grupo, onde o profesorado invita o alumnado a analízalo e a identificar os elementos que aparecen. A partir disto, o docente guía unha conversa na que o alumnado pensa no significado da frase «Escribir para cambiar». Neste punto pódese introducir a figura de Begoña Caamaño explicando que foi unha escritora e xornalista que utilizaba a palabra escrita para abordar temas sociais como a educación ou a sanidade, e para propor un cambio na percepción que hai das mulleres na sociedade e na literatura. Tras esta aproximación, o profesorado pediralle ao alumnado que pense nas mudanzas que lle gustaría realizar na súa contorna, para o cal debe imaxinar unha pequena historia na que un personaxe intente realizalas guiándose pola ficha proposta **(A.8.5)**. E, para rematar, porán en común os seus traballos de maneira oral.

ACTIVIDADES CARTEL 9: Un legado que continúa

O obxectivo desta actividade é que o alumnado reflexione sobre a importancia da literatura como parte do legado cultural e comprenda que as obras literarias poden continuar vivas ao longo do tempo.

Para o desenvolvemento da actividade (A.9.3), as rapazas e rapaces dispoñen dun texto no que se explica que as historias e as obras literarias seguen vivas grazas ás persoas que as len e as comparten. A partir da súa lectura, coñecen mellor o traballo da escritora Begoña Caamaño e reflexionan sobre por que se di que a súa obra continúa viva. Tamén investigan sobre o significado da expresión «deixar sementes» e relaciónana coa idea de lles transmitir coñecementos, historias e valores ás novas xeracións. Finalmente, escriben cinco palabras referidas ao cartel e completan a oración «A lectura mantén vivo un legado porque... ».



ACTIVIDADES CARTEL 10: Nós somos as novas sementes

Neste bloque propomos unha actividade de reflexión e expresión escrita arredor desta pregunta: Por que debemos falar galego? Tras a escoita do audio e a análise do cartel, o alumnado ten que ler a ficha A.10.3, que introduce o valor da lingua galega e a necesidade de coidala no presente.

A continuación, organízanse pequenos grupos de debate ou dinámicas de tormenta de ideas, nas que os nenos e nenas comparten opinións, argumentos e reflexións. Unha vez consensuadas as ideas principais, estas escríbense nos sobres de sementes, que simbolizan pensamentos que poden xermolar e medrar (véxase o anexo A.7.4).

Os sobres decóranse de forma creativa e incorpóranse á exposición final do xardín de palabras do centro. Con esta actividade o alumnado toma conciencia de que falar galego é unha elección persoal que ten un impacto colectivo, e que as súas achegas tamén forman parte do futuro da lingua.



ACTIVIDADES PARA 5.º E 6.º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ACTIVIDADES CARTEL 1: Unha nena con moitas preguntas

Nos últimos cursos o noso alumnado ten a capacidade e habilidades precisas non só para formular dúbidas, senón tamén para resolvelas. Deste xeito, a súa tarefa consistirá en completar o currículo de Begoña Caamaño (**A.1.6**). Para facer efectivo este labor contarán cos recursos dixitais e tecnolóxicos que consideren necesarios.

Tras cubrir o currículo deberán compartir co grupo-aula as súas achegas e debater sobre elas.



ACTIVIDADES CARTEL 2: Medrar nun tempo difícil para o galego

O obxectivo desta actividade é fomentar unha reflexión máis profunda sobre a historia da lingua galega e sobre o papel que as persoas teñen na súa defensa e transmisión.



No desenvolvemento da actividade **A.2.4**, as rapazas e rapaces traballan a metáfora dunha planta para analizar diferentes aspectos da lingua. En primeiro lugar, investigan o pasado nas raíces da planta, buscando información sobre por que o galego tivo menos presenza na escola e na vida pública durante moitos anos. A continuación, analizan o presente da lingua no talo da planta, e razoan sobre onde se usa o galego na actualidade e onde debería empregarse máis. Finalmente, nas follas da planta recollen as súas opinións sobre por que defender unha lingua tamén significa defender as persoas que a falan.

ACTIVIDADES CARTEL 3: A palabra como ferramenta

O obxectivo desta actividade é valorar o galego como ferramenta válida para todo, seguindo o exemplo de Begoña Caamaño.

As nenas e nenos realizarán unha observación guiada do texto do cartel. Unha vez analizado, deben crear, en grupo ou individualmente, un manifesto polo galego no formato que prefiran: escrito, audiovisual, artístico (colaxe, mural), oral gravado, en formato pódcast ou como banda deseñada, seguindo a estrutura proposta nas fichas **A.3.5** e **A.3.5.1**.



ACTIVIDADES CARTEL 4: Begoña xornalista

O obxectivo desta actividade é investigar a figura de Begoña Caamaño, coñecer os valores da comunicación honesta e rigorosa e elaborar un produto final en galego.

Propónse a investigación guiada en pequenos grupos sobre a traxectoria da autora na prensa e na radio, o seu compromiso coa lingua galega e a defensa da comunicación honesta e responsable. A continuación, cada grupo poderá crear unha reportaxe multimedia para a que escollerán formato (A.4.3): escrita con fotos, en modo de infografía, como vídeo-noticia, unha presentación oral tipo rolda de prensa ou un mural colaborativo.



A actividade finalizará cun debate sobre o significado de informar con respecto, ser un xornalista honesto e a importancia de facelo en galego.

ACTIVIDADES CARTEL 5: O galego tamén soa na radio

Este cartel lembra o traballo de Begoña Caamaño como xornalista nos medios de comunicación como a Radio Galega, a través dos cales buscaba que o galego chegase a todas as persoas e defendía que era a maneira de manter viva a nosa cultura.



O obxectivo desta actividade é analizar a radio como medio de difusión cultural e abordar a necesidade de que o galego estea presente nela, tomando como referencia o traballo de Begoña. Asemade, preténdese fomentar o pensamento crítico, a expresión oral, o traballo cooperativo e a competencia comunicativa.

A actividade comeza cunha observación e análise do cartel en pequeno grupo para logo reflexionar sobre a relación entre a radio e a lingua galega; podemos guialos a través das preguntas propostas no A.5.7.

A continuación, exploran o papel da radio como medio de comunicación e difusión cultural para o que deben cubrir a táboa do A.5.8. Nela analizarán que tipo de programas existen nos que se empregue o galego e que función poden ter na sociedade. Por último, o alumnado prepara en pequeno grupo un pódcast de reflexión lingüística mediante a ficha A.5.9, que será gravado utilizando os dispositivos do centro (tableta, ordenador ou móbil). A finalidade última é organizar un programa

especial de radio escolar que estará á disposición da comunidade docente durante o recreo a través da megafonía xeral ou na páxina web do centro.

ACTIVIDADES CARTEL 6: Contar o mundo desde as mulleres

O obxectivo desta actividade é fomentar o pensamento crítico do alumnado respecto da presenza das mulleres na literatura e promover a investigación e a reflexión sobre as autoras e as súas obras.



No desenvolvemento das fichas **A.6.5** e **A.6.5.1**, as cativas e cativos deben recoller o nome de mulleres escritoras que coñezan. Tamén terán que investigar que autoras doutros tempos tiveron que utilizar un nome masculino para publicar as súas obras. Ademais, realizarán unha pequena pescuda sobre as protagonistas das obras da escritora Begoña Caamaño que aparecen no cartel e explicarán quen son. Finalmente, deben contar outro mito no que a protagonista sexa unha muller. Deste xeito, traballamos a comprensión lectora e a expresión escrita.



Estas actividades permiten que o alumnado reflexione sobre a visibilidade das mulleres na literatura e desenvolva habilidades de investigación, análise e expresión escrita.

ACTIVIDADES CARTEL 7: Historias que viaxan no tempo

A Begoña nena adoraba ler, pero non atopaba nos libros as personaxes femininas coas que identificarse, pois as historias estaban ateigadas de clixés nos que as mulleres eran relegadas a papeis secundarios e pasivos. Nos relatos abundaban os personaxes masculinos e Begoña Caamaño decidiu escribir para situar as protagonistas femininas no primeiro plano e que puidesen expresar os seus sentimentos e emocións; en definitiva, deulles voz.

O alumnado terá que continuar co labor de Begoña a través da reescritura de contos ou historias do imaxinario popular introducindo cambios nos roles dos personaxes (A.7.7) e compartindo esta nova realidade mediante a escritura dunha carta (A.7.7.1).



Estas cartas serán expostas na aula de forma colectiva e servirán para reflexionar de maneira crítica sobre os cambios que se produciron ao longo dos anos na nosa sociedade e a importancia da literatura como ferramenta para imaxinar mundos máis diversos e igualitarios.

ACTIVIDADES CARTEL 8: Escribir para cambiar

Este cartel comunica a idea de que escribir e ler son ferramentas de cambio. Conecta coa figura de Begoña Caamaño, que empregou a escrita e o xornalismo para facernos reflexionar sobre temas sociais, culturais e de igualdade.

O obxectivo desta actividade é que as nenas e nenos descubran que ler e escribir nos axuda a comprender a sociedade, a expresar ideas e a propoñer cambios positivos na nosa contorna. A actividade comeza coa observación do cartel ou a escoita do código QR en pequeno grupo, e o profesorado proponlles que analicen e identifiquen os elementos que aparecen. A continuación, o docente guía unha conversa na que o alumnado reflexiona sobre o significado do enunciado «Ler e escribir axudan a pensar».



De maneira individual e cos ollos pechados collerán, dunha caixa colocada para isto, unha das etiquetas da ficha A.8.6 que contén unha problemática actual da nosa sociedade. Despois, e coa axuda da ficha A.8.7, han de analizar e redactar a maneira de cambiar esa problemática. Para rematar, farán unha proposta en común sobre o que aprenderon con esta actividade en canto ao poder da lectura e da escrita. Poden realizar unha exposición final nos corredores coas súas solucións para que as demais compañeiras e compañeiros as consulten.

ACTIVIDADES CARTEL 9: Un legado que continúa

O obxectivo desta actividade é fomentar a reflexión crítica sobre o valor da literatura, a memoria cultural e a importancia da lectura para manter viva a lingua e as historias.

No desenvolvemento da proposta (A.9.4), os rapaces e rapazas len un texto no que se explica que as obras literarias continúan vivas, aínda que falecesen os seus autores,

cada vez que alguén as le, reflexiona sobre elas ou as comparte. A partir desta lectura, han de responder as preguntas da ficha sobre o significado de que unha obra siga viva e os sentimentos que produce un conto que lles guste. Ademais, relacionan a importancia de ler en galego co futuro da lingua.

E como conclusión, na ficha teñen unha actividade de creación na que han de imitar o estilo de Begoña Caamaño e converterse en personaxes dun conto que lles guste, para o que deben redactar a súa propia historia.

ACTIVIDADES CARTEL 10: Nós somos as novas sementes

O alumnado do terceiro ciclo poderá abordar a análise deste cartel desde unha perspectiva máis reflexiva e activa. Tras escoitar o audio e analizar os elementos presentes no debuxo, trabállase a idea de que, do mesmo xeito que un xardín precisa coidados, a lingua galega necesita accións concretas para garantir o seu futuro.

Por grupos, as cativas e cativos teñen que elaborar un manual de boas prácticas para o galego que responda a esta pregunta: Como coidar a nosa lingua? (A.10.4). Nel poderán recoller actuacións vinculadas ao uso oral e escrito, a súa valoración social e como dignificar o emprego da lingua nos distintos ámbitos da sociedade.

Este material incorpórase ao xardín de palabras como mostra do compromiso do alumnado de máis idade co futuro da lingua. Deste xeito, os nosos alumnos e alumnas son conscientes do seu importante papel como axentes activos na defensa do galego e comprenden que o futuro da lingua depende das decisións e prácticas do presente.



Begoña Caamaño

Un camiño de sementes

1 Begoña Caamaño
Un camiño de sementes

Unha nena con moitas preguntas



Desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...

Día das Letras Galegas 2026

2 Begoña Caamaño
Un camiño de sementes

Medrar nun tempo difícil para o galego



Desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...

Día das Letras Galegas 2026

3 Begoña Caamaño
Un camiño de sementes

A palabra como ferramenta



Begoña escolle traballar con palabras, falar, escribir, contar. Sabía que as palabras servían para explicar, demostrar, emocionar e gozar. Por iso decidiu vivir sempre o galego, demostrando que é unha lingua válida para todos.

Día das Letras Galegas 2026

4 Begoña Caamaño
Un camiño de sementes

Begoña xornalista



Desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...

Día das Letras Galegas 2026

5 Begoña Caamaño
Un camiño de sementes

O galego tamén soa na radio



Desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...

Día das Letras Galegas 2026

6 Begoña Caamaño
Un camiño de sementes

Contar o mundo desde as mulleres



Desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...

Día das Letras Galegas 2026

7 Begoña Caamaño
Un camiño de sementes

Historias que viaxan no tempo



Desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...

Día das Letras Galegas 2026

8 Begoña Caamaño
Un camiño de sementes

Escribir para cambiar



Begoña escolle para facer libros. As súas historias fan de liberdade, cultura, e memoria. E os libros son unha forma de aprender a si mesmos e ao mundo con eles mesmos.

Día das Letras Galegas 2026

9 Begoña Caamaño
Un camiño de sementes

Un legado que continúa



Desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...
Cada vez que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti, desde que me acordaba de ti...

Día das Letras Galegas 2026

10 Begoña Caamaño
Un camiño de sementes

Nós somos as novas sementes

Moza, somos nós, os que de nos coitamos galegos falando, escribindo e respectando. Igual que faza Begoña, cada unha e nona pode contribuir a que a nosa lingua viva forte.



Día das Letras Galegas 2026

ACTIVIDADES EXTRA

PROPOSTA MUSICAL

Esta proposta didáctica podería, pola súa temática variada, incorporarse ás actividades de varios carteis, pois con ela búscase traballar a aprendizaxe para varios niveis desde unha **perspectiva interdisciplinaria**. Propoñemos que o alumnado coñeza a mitoloxía dunha maneira creativa e accesible, combinando a escoita musical coa imaxinación, a arte e a reflexión.

A actividade inspírase na canción «As Moiras» do proxecto musical **Fillas de Cassandra**, que toma como referencia as tres figuras da mitoloxía grega encargadas de tecer o destino das persoas. A partir de aquí, o alumnado poderá coñecer este mito e explorar a idea simbólica dos fíos da vida, da cooperación e do traballo en equipo.

Con esta proposta musical pretendemos ampliar a experiencia da escoita e conectar a música coa expresión plástica e coa narración de historias, e atoparédela nun dos anexos para descarga coa actividade e ficha correspondente.

ANEXO DEBUXOS

Entre os anexos desta guía didáctica inclúese un documento específico en formato PDF no que se recompilan todos os debuxos empregados ao longo das diferentes actividades propostas. Este material preséntase en branco e negro, cun estilo de bosquejo, co obxectivo de que o alumnado poida colorealo e personalizalo segundo a súa creatividade.

Este anexo pretende funcionar como un recurso complementario para reforzar os contidos traballados durante as sesións, ao mesmo tempo que se fomenta a expresión plástica, a atención e a imaxinación. Ademais, facilita que o alumnado interactúe coas imaxes vinculadas á temática dunha maneira lúdica e participativa.





FONTES E REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS



BIBLIOGRAFÍA

Maceda, Bea (2026): *Begoña ou o pracer da amizade*. Xerais

Mejuto, Eva (2026): *Os fíos de Begoña*. Xerais

Nicolás, Ramón (2026): *A nena que perdeu un zapato na lama*. Editorial Galaxia

Solla, Tania (2026): *Begoña Caamaño. Pequena biografía*. Lela Edicións

WEBGRAFÍA

- **Ligazón aos recursos fotocopiáveis desta guía:**
https://drive.google.com/drive/folders/1T2bSYWvxzSQgu8q1EkHXUApouwgUUbYD?usp=s_haring
- **O Portal da lingua galega – Secretaría Xeral da Lingua**
Material e recursos educativos para traballar nos centros.
<https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/dia-das-letras-galegas>
- **Wikipedia – Begoña Caamaño**
Información xeral sobre a súa vida, obra e carreira xornalística.
https://es.wikipedia.org/wiki/Bego%C3%B1a_Caama%C3%B1o
- **Enciclopedia da Literatura Galega (AELG / AS-PG)**
Biografía detallada, contexto familiar, formación e carreira profesional.
<https://literaturagalega.as-pg.gal/autoras-es/caamano-begona>
- **Galegos.gal – Biografía ampliada**
Información sobre a súa vida, primeiros anos, formación e traballo na radio.
<http://galegos.galiciadigital.com/es/begona-caamano-rascado>
- **La Región – Artigo sobre as obras de Begoña Caamaño**
Repaso das súas novelas e achegas á literatura feminista galega.
https://www.laregion.es/cultura/son-obras-dejo-caamano-begona_1_20250620-3889087.html
- **Seminario Galán. Día das Letras Galegas**
Materiais Día das Letras Galegas.
<http://seminariogalan.org/inicio/2025/documentos>
- **Real Academia Galega (RAG)**
Materiais para traballar o Día das Letras Galegas dedicado a Begoña Caamaño.
<https://academia.gal>
- **Xunta de Galicia – Cultura**
Recursos educativos, materiais didácticos e actividades para centros.
<https://www.cultura.gal>
- **AELG – Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega**
Biografías, entrevistas e materiais sobre autoras galegas.
<https://aelg.gal>



*É o tempo do feminismo:
da xustiza, da igualdade, da liberdade,
da dignidade e, por que non?
da felicidade.*

Begoña Caamaño



Día das Letras Galegas 2026



CEIP
PLURILINGÜE
RIBADAVIA

Xacobeo  2027